

Para promover a separación selectiva de residuos especiais

O CONSORCIO AS MARIÑAS INSTALA MINIPUNTOS LIMPOS NOS NOVE CONCELLOS

14 de outubro de 2009.- No marco da súa política de modernización do servizo de recollida selectiva de lixo e do seu compromiso por crear municipios sostibles, o Consorcio As Mariñas acaba de iniciar a instalación de minipuntos limpos para a recollida e posterior reciclaxe de residuos especiais nas rúas dos nove concellos que forman parte da entidade supramunicipal.

Cada concello disporá dun minipunto (achegamos imaxe) nos que os veciños poderán botar, no depósito correspondente, sete produtos de consumo habitual nos fogares e que requiren de tratamento específico para a súa destrución ou reciclaxe como son:

- pilas
- baterías de móbil
- teléfonos
- CD/ DVD
- cartuchos de impresora
- bombillas de baixo consumo
- bombillas convencionais e aló xenos

O obxectivo desde iniciativa é promover entre a cidadanía a separación selectiva do maior número de residuos facilitándolle esta tarefa. Os minipuntos estarán situados en:

- Abegondo: Diante do polideportivo municipal
- Arteixo: Avda de Fisterra
- Bergondo: Parte traseira do concello (pendente de instalación ata que rematen as obras actuais).
- Betanzos: Praza de Galicia
- Cambre: O Graxal (diante do Edif. Las Palmeras)
- Carral: Rúa Víctor Velasco
- Culleredo: Praza Europa
- Oleiros: Avda Concepción Arenal, 51
- Sada: Avda da Mariña (fronte á Terraza)